



Observatorio Local

IDEAS GLOBALES PARA EL GOBIERNO LOCAL

EJEMPLAR PROMOCIONAL



Observatorio Local. Ideas Globales para el Gobierno Local é unha publicación especialmente dirixida ao mundo local de **Observatorio de las Ideas S.L.**

COORDINACIÓN EDITORIAL

Elena Costas, doutora en Economía e fundadora de KSNET

EQUIPO DE INVESTIGACIÓN:

Josep Antoni Báguena

Jordi Baltà

Lluís Camprubí

Joan Frigols

Eduard Güell

Benjamín Augusto López

Lluís Medir

Luis Martín

Pol Morillas

Andreu Orte

Esther Pano

Bárbara Pons

Carles Rivera

Jordi Rosell

Paula Salinas

Elisa Stinus Bru de Sala

Mariona Tomàs

Francesc Trillas

Joan-Josep Vallbé

Ferran Vallespinós

EDITA

Observatorio de las Ideas S. L.

PRESIDENTE

Daniel Fernández

PRESIDENTE DO CONSELLO EDITORIAL

Isaías Taboas

CIF B65855868

Diputación 262 2ª 08007

Barcelona Tel. 93 494 97 20

www.observatoriodli.com

ISSN: 2339-9562

D. Legal B.10113-2014



Observatorio Local

IDEAS GLOBALES PARA EL GOBIERNO LOCAL

| IDEAS DE INTERESE |

POBREZA E FALTA DE VIVENDA EN ESPAÑA: ANÁLISE ENTRE O 2010 E O 2019
Recensión de **Clara Costas** sobre «Poverty, Extreme Poverty and Homelessness in Spain: An Analysis for the Period 2010–2019».

QUE FACTORES DEFINEN AS DIFERENZAS SALARIAIS ENTRE CIDADES?
Recensión de **María Sánchez Vidal** sobre «Location, Location, Location».

O PAPEL DAS TENDAS «24 HORAS» NA DIETA DOS BARCELONESES
Recensión de **Pau Orive** sobre «The Role of Convenience Stores in Healthy Food Environments: The Case of Barcelona (Spain)».

É IRREVERSIBLE O DESPOBOAMENTO EN ESPAÑA?
Recensión de **Javier Martínez Santos** sobre «Is Spanish Depopulation Irreversible? Recent Demographic and Spatial Changes in Small Municipalities».

| LIBRO DESTACADO |

A MOCIDADE NA ENCRUCILLADA: DEMOGRAFÍA POLÍTICA, PRECARIIDADE E RETOS DE FUTURO

La juventud atracada: Cómo un electorado envejecido cercena el futuro de los jóvenes, de **Jose Ignacio Conde Ruiz** e **Carlotta Conde Gasca**.



Estimados lectores,

Vaian por diante os nosos mellores desexos para este novo ano 2024 que acabamos de iniciar.

Pola nosa parte, desde Observatorio de las Ideas, continuamos a traballar na busca de idear e divulgar coñecementos que poidan mellorar a nosa sociedade, tanto en xeral coma no ámbito local. E, así, neste primeiro número do ano, achegamos catro artigos que consideramos non só moi interesantes, senón tamén necesarios de coñecer polos axentes responsables das políticas públicas.

En primeiro lugar, un estudo sobre a pobreza evidencia que, para analizala realmente, cómpre partir dun enfoque múltiple, e non soamente ter en conta os factores puramente monetarios. Só dese xeito se poderían crear propostas públicas que axuden a paliar a situación. Como segunda idea, partimos da mesma pregunta que se fan os autores: por que cidades do mesmo tamaño teñen diferentes niveis salariais? Utilizando análises de datos avanzados, amósannos que estas diferenzas se deben tanto ás habilidades dos traballadores (características individuais ou educación, por exemplo) coma á localización xeográfica, a produtividade industrial e os custos da venda.

O terceiro artigo céntrase no que xa se coñece como «tendas 24 horas», os bazares normalmente rexentados por estranxeiros que cada vez son máis relevantes nos ecosistemas de alimentación local das cidades europeas. Se ben normalmente se asocian cun impacto negativo para os padróns de consumo, ao seren puntos de venda de ultraprocesados, bebidas enerxéticas e alcohol, este estudo demostra que poden contribuír positivamente á dispoñibilidade de alimentos saudables. E, por último, a cuarta idea trata dun tema que debería preocuparnos: o despoboamento dos municipios máis pequenos. A pesar dun leve aumento da poboación grazas á inmigración durante a primeira década do século actual, a Gran Recesión e a pandemia da COVID-19 impacto de xeito significativo sobre os municipios pequenos españois. É posible parar, daquela, ese éxodo rural?

Pechamos esta primeira revista do 2024 cun libro que nos fará reflexionar: *La juventud atracada*, de José Ignacio Conde Ruiz e Carlota Conde Gasca. É unha análise profunda e crítica sobre a situación actual dos máis novos en España, desde como o avellentamento da poboación e a desatención política cara aos mozos están moldeando as políticas públicas no noso país, desde a influencia da demografía no gasto público e as eleccións, até os efectos concretos no mercado laboral e mais a vivenda. E isto si é un desafío de futuro que non podemos desatender.

Confiamos en que estas ideas sexan do seu interese e que, dalgún xeito, supoñan un paso cara a adiante.

O editor

POBREZA E FALTA DE VIVENDA EN ESPAÑA: ANÁLISE ENTRE O 2010 E O 2019

- **Publicación:** «Poverty, Extreme Poverty and Homelessness in Spain: An Analysis for the Period 2010–2019», *Journal of Poverty and Social Justice*, 31(2), 2023, páxs. 191-211. Dispoñible en: <https://bristoluniversitypressdigital.com/view/journals/jpsj/31/2/article-p191.xml>
- **Autores:** **Adrián Cabrera** é professor axudante doutor nas universidades de Alcalá e de Nebrija, e **Carmelo García-Pérez** é catedrático de Economía na Universidad de Alcalá.
- **Síntese:** **Clara Costas**, socióloga e urbanista, consultora especializada en dinámicas urbanas e organización territorial. Actualmente coordina un servizo para persoas maiores vulnerables no Ajuntament de Barcelona.

SÍNTESE DA IDEA

Ao estudar as situacións máis graves de vulnerabilidade cómpre partir dun enfoque múltiple, non soamente dos factores puramente monetarios. Así, a pobreza debe analizarse a partir do meirande número de necesidades insatisfeitas, para poder definir con precisión os colectivos en situacións de exclusión social severa (entre os que destacan os fogares unipersoais, fogares con nenos, os mozos, persoas con baixo nivel educativo e de nacionalidade estranxeira) e propor políticas públicas eficientes para paliar a súa situación.

A pobreza é unha realidade cada vez máis presente nos países desenvolvidos da Unión Europea, e entre eles destaca España, que encabeza a listaxe desde finais do 2008. De feito, considérase que constitúe un problema estrutural da sociedade española desde mediados dos anos 90, pois aféctalle aproximadamente a un de cada cinco fogares e cífrase en 800 000 as persoas que caeron nunha pobreza extrema despois da crise sanitaria. Malia estas cifras, e tras considerar que existe un baleiro de estudos de pobreza e de pobreza extrema no ámbito español, os autores deste estudo deciden estudar o problema desde varias perspectivas para identificar as causas que aumentan a probabilidade de atoparse nesta situación.

Tratan, así, de abordar de xeito crítico o uso de limiares monetarios absolutos para definir as situacións de pobreza, aínda que sinalan á súa vez a arbitrariedade existente na definición dos limiares monetarios relativos (fixados en función dos ingresos do conxunto da poboación). En xeral, a literatura especializada entende que viven en situación de pobreza aquelas persoas que perciben uns ingresos inferiores ao 60 % da media, mentres que outros estudos traballan en porcentaxes menores, e chegan incluso ao 20 % (pobreza profunda) ou 10 % (pobreza extrema).

Por iso, proponse aquí unha metodoloxía máis precisa, unha análise multifactorial que teña en conta tamén as privacións materiais, entendéndose por situación de privación material severa cando un fogar non pode dispor de polo menos catro dos seguintes nove ítems: ir de vacacións unha semana ao ano; unha comida de proteína animal cada dous días; manter o fogar a unha temperatura axeitada; facerlles fronte a gastos imprevistos; pagar a tempo os gastos relacionados coa vivenda principal; non poder permitirse un automóbil, un teléfono, un televisor ou unha lavadora. Complementariamente, e a partir deste marco teórico, defínese como pobreza constante o feito de sufrir privación en polo menos catro dos elementos desta listaxe e ter un ingreso por debaixo do 60 % da media da poboación.

A partir de modelos de regresión loxística, e usando as variables socioeconómicas dispoñibles na Enquisa de Condicións de Vida (ECV) e a Enquisa para as Persoas sen Fogar (EPSH) do INE, obsérvase que a evolución dos índices de pobreza conforme aos limiares monetarios vén marcada polos ciclos económicos. Así evidénciase un aumento da pobreza durante a Gran Recesión (2010-2013), seguido dunha diminución gradual até o 2019 (que lle afectou a pouco máis dun 20 % da poboación no limiar menos restritivo para todo o período analizado). Aínda que se poden apreciar tendencias diferentes entre as taxas de pobreza material e monetaria nalgún momento, as taxas multidimensionais (que contemplan as privacións materiais severas e a pobreza constante) demostran as incidencias do ciclo económico e aprécianse descensos máis acusados entre o 2014 e o 2017. Porén, para os limiares monetarios máis restritivos (co 10 % e o 20 % do ingreso medio, que lle afectou a menos dun 5 % da poboación), tan só se observan pequenas variacións ao longo do período, o que confirma que as situacións de pobreza extrema non responden a estímulos económicos.

En canto á identificación de factores determinantes da pobreza extrema, variables como a idade (a maior idade, menor risco), a nacionalidade (ser estranxeiro) ou o nivel educativo (non dispor de estudos superiores) constitúen elementos principais, amén de estar influenciados por outras características, coma a tenza dunha vivenda, a súa localización, a existencia de fillos e outros factores relacionados coa situación laboral, estado de saúde e percepcións económicas.

Cabe destacar que nos limiares máis restritivos de pobreza non hai diferenzas de xénero notables, mais, se ten en conta o limiar menos restritivo (60 %) e a privación material, obsérvanse dous resultados diferentes: os homes teñen máis probabilidades de atoparse nunha situación de pobreza monetaria, mentres que as mulleres teñen máis posibilidades de vivir unha situación de pobreza multidimensional.

Na análise da situación laboral é onde se achán as maiores diferenzas. Os asalariados e as persoas que perciben unha prestación teñen menos risco de atoparse en pobreza monetaria, a excepción da prestación por desemprego, caso no que, unicamente cando se consideran os limiares máis restritivos, é factible reducir o risco de afrontar unha situación de pobreza monetaria.

Para a privación severa, a idade e a educación tamén son factores determinantes, e a eles cabe sumar o feito de ser un fogar unipersoal ou con nenos. As maiores diferenzas a respecto das situacións de pobreza monetaria atópanse na situación laboral e a influencia dos beneficios económicos recibidos. Neste caso, os traballadores por conta propia, así como os estudantes e xubilados, teñen menos probabilidades de acharse nunha situación de privación material grave que os asalariados, e só as prestacións de xubilación en determinados períodos poden ser atenuantes.

Se nos atemos á relación entre pobreza extrema e falta de vivenda, destaca que o perfil de persoas en situación de pobreza constante se asemella significativamente co de persoas sen fogar (especialmente nas variables de idade, nacionalidade e nivel de estudos), o que pode suxerir que a vulnerabilidade implica unha combinación de privacións alén dos aspectos económicos. Neste sentido, os autores destacan que, aínda que máis da metade dos fogares teñen certa dificultade para chegar a fin de mes, non é común atrasarse nos pagamentos relacionados coa vivenda (que, prolongados no tempo, poden provocar a súa perda).

En resumo, debemos destacar as vantaxes do enfoque multidimensional para mellorar a caracterización de formas específicas de pobreza, coma a infantil (que lle afecta ao 16 % da poboación española), para así contribuír por tanto á identificación de políticas públicas que permitan unha mellor abordaxe e prevención das situacións de pobreza.

QUE FACTORES DEFINEN AS DIFERENZAS SALARIAS ENTRE CIDADES?

- **Publicación:** «Location, Location, Location», National Bureau of Economic Research, *Working Paper Series* 31587, 2023. Disponível en: <http://www.nber.org/papers/w31587>
- **Autores:** **David Card** é catedrático de Economía na Universidade de Berkeley; **Jesse Rothstein**, catedrático de Política Pública e Economía na Universidade de Berkeley, e **Moises Yi**, economista sénior no Centre for Economic Studies do U. S. Census Bureau.
- **Síntese:** **María Sánchez Vidal**, doutora en Economía e socia en KSNET.

SÍNTESE DA IDEA

Por que cidades do mesmo tamaño teñen diferentes niveis salariais? Utilizando análise de datos avanzados, este artigo revela que estas diferenzas débense tanto ás habilidades dos traballadores coma á localización xeográfica. Se ben as características individuais e a educación son elementos cruciais, outros factores como a produtividade industrial e os custos da vivenda tamén inflúen significativamente. Os datos obtidos proporcionan novas e esenciais perspectivas para as persoas responsables de políticas locais, e subliñan a importancia de atraer talento, promover industrias de alta produtividade, xestionar o custo da vivenda e facilitar a mobilidade laboral para o desenvolvemento económico e social das cidades.

Este *paper* ofrece unha análise detallada e rigorosa sobre como e por que as persoas traballadoras en diferentes cidades, aínda que de tamaño similar, perciben soldos distintos.

Os autores definen as cidades como «commuting zones» (CZ); isto é, áreas urbanas que comprenden, habitualmente, diversos municipios nos que as persoas se moven a diario para ir da casa ao traballo, e viceversa. Así, este estudo profunda no entendemento da dinámica salarial urbana, crucial para o deseño dunhas políticas locais efectivas.

Os autores utilizan datos do programa Longitudinal Employer-Household Dynamics Program, o cal contén información sobre os salarios das persoas traballadoras, as súas localizacións xeográficas e as industrias nas que están empregadas. Ademais, a través de sofisticadas técnicas econométricas, Card, Rothstein e Yi descompoñen a variación dos salarios en diferentes cidades tendo en conta unha serie de factores que poderían nesgar os resultados, como as diferenzas do custo da vida e a composición industrial entre elas. Isto permítelles illar os efectos puramente xeográficos, de xeito que os salarios queden apartados dos efectos derivados da composición da industria e a demografía dos traballadores, co fin de identificar que parte desta variación pode atribuírse ás habilidades e capacidades dos individuos e que parte se debe ás características da localización.

Así, en primeiro lugar, o artigo aborda a teoría de que as persoas máis formadas tenden a preferir certas cidades, o que inflúe nos niveis de salario. Os autores argumentan que, efectivamente, a habilidade e a educación dos traballadores son factores clave na variación dos salarios medios entre distintas cidades. Aproximadamente, o 50 % das diferenzas salariais pódesele atribuír á variabilidade na capacidade das persoas traballadoras. Isto implica que as cidades que atraen a xente con maior formación e habilidades tenden a ofrecer salarios máis altos, e por tanto refórzase a idea de que a política local debería enfocarse en atraer e reter o talento.

En segundo lugar, o estudo examina a hipótese de que algunhas industrias son intrinsecamente máis produtivas e, polo tanto, ofrecen salarios máis altos. Aínda que as aglomeracións industriais locais están asociadas con salarios máis elevados, as diferenzas na composición e nos retornos específicos de cada cidade ás empresas explican só unha fracción menor dos efectos medios do lugar nos salarios. Isto suxire que, se ben é importante para as políticas locais fomentar a instalación de industrias de alta produtividade, por si só non é dabondo para explicar as variacións salariais entre cidades.

En terceiro lugar, o artigo explora a idea de que certos lugares xeran máis densidade de poboación ou de capital humano porque resultan máis atractivos, ben polo clima ou por ser un referente cultural ou económico. O estudo mostra, daquela, que a fenda salarial entre persoas traballadoras con ou sen educación universitaria é maior en lugares máis grandes e con salarios máis elevados. Porén, destácase que gran parte desta variación se debe a diferenzas nas habilidades relativas dos dous grupos en diferentes lugares, máis ca á actividade intrínseca da localización.

Por outro lado, sublíñase neste estudo un aspecto importante pero habitualmente ignorado: os custos de vivenda locais. Os autores argumentan que estes custos compensan, e incluso poden superar, as primas salariais locais, posto que as persoas que se mudan a cidades máis grandes non necesariamente disfrutan dun maior consumo neto de vivenda. Esta observación debe tomarse de forma crucial polos responsables da política local, xa que sinala a necesidade de equilibrar os salarios co custo de vida no intre de desenvolver estratexias que pretendan atraer talento e negocios.

Finalmente, maniféstase no artigo a importancia da mobilidade xeográfica das persoas traballadoras e o seu impacto nos salarios. A mobilidade entre diferentes cidades pode resultar en cambios nos ingresos, reflectindo os efectos causais da localización. Isto subliña a importancia das políticas que facilitan a mobilidade laboral e residencial, así como o desenvolvemento de infraestruturas que conecten de xeito eficaz as distintas áreas urbanas.

En resumo, o estudo de Card, Rothstein e Yi non só confirma as tres vías principais a través das cales as cidades do mesmo tamaño poden ofrecer diferentes niveis de salario, senón que tamén proporciona unha comprensión matizada de como estes factores interactúan e lle afectan á dinámica salarial. Os seus achados remarcán a necesidade de políticas varias que consideran tanto a atracción de talento e a promoción de industrias de alta produtividade coma a accesibilidade á vivenda e a falicitación da mobilidade xeográfica. Estas estratexias, adaptadas ás características específicas de cada cidade, poden ser fundamentais para mellorar a atracción e retención de traballadores cualificados e empresas. Impulsan así o crecemento económico e o benestar dos cidadáns.

O PAPEL DAS TENDAS «24 HORAS» NA DIETA DOS BARCELONESES

- **Publicación:** «The Role of Convenience Stores in Healthy Food Environments: The Case of Barcelona (Spain)», en *Cities*, n.º 133, febreiro do 2023. Dispoñible en: <https://doi.org/10.1016/j.cities.2022.104118>
- **Autores:** **Laura Calvet-Mir** é doutora en Ciencias Ambientais pola Universitat Autònoma de Barcelona; **Elena Domene** é doutora en Ciencias Ambientais pola Universitat Autònoma de Barcelona; **Xavier Garcia** é doutor en Ciencias Ambientais pola Universitat de Girona; **Marta Garcia-Sierra** é doutora en Ciencias Ambientais pola Universitat Autònoma de Barcelona, e **Margriet Goossensen**, máster en Ciencias Ambientais na Universidade de Wageningen (Países Baixos). Dunha ou dotra forma, todos colaboran co Instituto de Estudos Rexionais e Metropolitanos de Barcelona (IERMB).
- **Síntese:** **Pau Orive**, graduado en Filosofía, Política e Economía (UPF), traballa de asistente na investigación en KSNET.

SÍNTESE DA IDEA

As tendas «24 horas son cada vez máis relevantes nos ecosistemas de alimentación das cidades europeas. Normalmente asociáronse cun impacto negativo nos padróns de consumo, por seren puntos de venda de ultraprocesados, bebidas enerxéticas e alcohol. Porén, este estudo demostra que poden contribuír positivamente á dispoñibilidade de alimentos saudables. Para iso sería crucial un traballo das administracións para que incorporen máis diversidade de froita e verduras de proximidade a través das canles de comercialización.

S en lugar a dúbidas, o ámbito físico, social e económico determinan a forma na que nos alimentamos. O que atopamos nos andeis máis próximos aos nosos fogares configura o que os autores definen como «ecosistemas de alimentación local», algo fundamental para a alimentación e, á súa vez, a saúde das persoas. Estes poden ser máis ou menos saudables en función da variedade e calidade dos produtos que ofrecen, mais outras variables como o prezo, a disposición, a etiquetaxe ou a promoción tamén resultan importantes á hora de valorar a accesibilidade da poboación a unha dieta saudable.

Barcelona, coma moitos outros núcleos urbanos, xa non é a cidade de tendeiros que caricaturizou Santiago Rusiñol en *L'Alca del senyor Esteve*. De momento, sobreviven os mercados municipais —en boa medida porque é unha das prioridades de actuación do goberno local—, mais o tecido comercial experimentou profundas mudanzas nas últimas décadas. A liberalización do mercado inmobiliario, a través das reformas á Lei de Arrendamentos Urbanos, a suba do alugueiro dos locais e, principalmente, a falta de relevo xeracional, están supondo unha progresiva desaparición dos comercios de barrio; establecementos que, por outra banda, non son atractivos para as novas xeracións, sumidas na aceleración das urbes —e da nube—, afeitas a consumiren nas grandes superficies ou directamente na internet.

Outra das dinámicas que veu da man da globalización foi a incesante chegada de inmigrantes. En Barcelona, o terceiro colectivo estranxeiro máis numeroso é o paquistaní; o seu carácter emprendedor demóstrase pola proliferación de pequenos comercios, principalmente nos sectores das telecomunicacións e a alimentación. Os desta última clase son o obxecto de estudo deste artigo, e

os autores refírense a eles como «tendas 24 horas». Popularmente coñecidos como «pakis» ou «badulaques» —nomes cos que os propietarios non se senten identificados—, son pequenos comercios que ofrecen todo tipo de alimentos e outros produtos básicos con horarios de apertura máis amplos do habitual. De feito, o seu negocio amplíase especialmente en horarios nos que os supermercados están pechados, entre as nove e as once da noite e os domingos, aínda que forman parte do noso ecosistema de alimentación local todos os días da semana. Tamén se considera habitualmente que teñen un impacto negativo por ser puntos de venda de ultraprocesados, bebidas enerxéticas e alcohol. Porén, estes produtos tamén se ofrecen nos supermercados, ademais de que é frecuente atopar caixas con froita na entrada das tendas «24 horas».

Este estudo por parte de varios investigadores do IERMB deixa a un lado os prexuízos para entender, de forma rigorosa, o papel que xogan as tendas «24 horas» nos ecosistemas de alimentación local das cidades europeas mediterráneas. O centro da análise é Barcelona, cunha mostra de 170 comercios en 22 barrios, estratificada por densidade urbanística e turística e nivel económico do barrio. Tras elaborar unha cesta saudable con 19 alimentos, comparouse a dispoñibilidade, calidade e prezo destes con respecto ás cinco cadeas de supermercados máis relevantes. A conclusión probablemente sorprenda a maioría: as tendas «24 horas» contribúen positivamente ao acceso a alimentos sans para os cidadáns. Non obstante, os autores cúranse en saúde —e, ao mesmo tempo, a conclusión perde contundencia— ao matizar que, posto que tamén venden artigos con alto contido en azucre, graxas e calorías, o seu impacto neto aínda está por determinar.

En concreto, obsérvase que dúas de cada tres tendas «24 horas» inclúen froita e verduras nos seus andeis, valoradas na maioría dos casos como de calidade media boa, aínda que os supermercados ofrecen mellor calidade a menor prezo; este dato é fiable só nos casos en que se puido comparar, posto que sinalan como limitación da análise de prezos que moitos produtos nas tendas «24 horas» non incluían etiquetas co prezo. Non obstante, o factor diferencial probablemente se atopa na diversidade. Dentro da categoría de verduras da mencionada cesta de alimentos saudables, o 87,6% das tendas «24 horas» vendía tomates, mais os pementos e a cabaciña apenas aparecían nun terzo delas, e a leituga, menos dun cuarto das veces. De feito, as tendas «24 horas» que ofrecen froita e verdura ofrecen de media 6,5 produtos distintos, cifra que nos supermercados está ao redor de 20. Así, mentres que a disposición destes alimentos na entrada podería exercer de *mudge* (empurronciño) para unha compra saudable, un indicador que medise a proporción de alimentos saudables respecto do conxunto do que se vende —e comparado coa puntuación nos supermercados— podería engadir evidencia máis conclusiva.

Por outra banda, se a evolución na oferta dos comercios —de forma moi simplificada— consiste na desaparición do comercio tradicional fronte á expansión das grandes superficies e as tendas «24 horas», sería interesante incorporar as tendas de barrio nesta comparativa. Cómpre tomar como referencia o contexto anterior para esclarecer axeitadamente cal foi o impacto da proliferación das tendas «24 horas» sobre a dispoñibilidade de alimentos nas cidades.

Por último, o estudo propón unha serie de recomendacións políticas. Entre elas, destaca a apelación directa ás autoridades para que traten os propietarios destes comercios como entes cruciais para venderen froita e verduras de proximidade a prezos accesibles grazas a unhas canles curtas de comercialización. A fin de contas, as tendas «24 horas» son xa parte do patrimonio comercial de moitas cidades, polo que é esencial que contribúan de forma positiva á oferta de produtos saudables, de calidade e accesibles para toda a poboación.

É IRREVERSIBLE O DESPOBOAMENTO EN ESPAÑA?

- **Publicación:** «Is Spanish Depopulation Irreversible? Recent Demographic and Spatial Changes in Small Municipalities», *Vienna Yearbook of Population Research*, Vienna Institute of Demography (VID), da Academia de Ciencias de Viena, vol. 21(1), páxs. 1-1. Disponible en: https://austriaca.at/0xc1aa5576_0x003e1c33.pdf
- **Autores:** **Fernando Gil Alonso** é profesor agregado (*permanent lecturer*); Jordi Bayona-i-Carascó-Serra, *hunter lecturer*, e Isabel Pujadas-Rúbies, catedrática, os tres na Universitat de Barcelona.
- **Síntese:** **Javier Martínez Santos**, economista investigador en Esade Center for Economic Policy (EsadeEcPol)

SÍNTESE DA IDEA

A pesar dun leve aumento de poboación grazas á inmigración durante a primeira década do século actual, a Gran Recesión e posteriormente a pandemia da COVID-19 impactaron de xeito significativo sobre os municipios pequenos españois. É posible deter, daquela, o despoboamento? Os autores deste estudo destacan que, aínda que algúns municipios experimentaron crecemento durante as recuperacións económicas das mencionadas crises, a tendencia xeral segue a ser decrecente; e este fenómeno está influenciado tanto por factores económicos coma pola localización xeográfica, o cal reflicte unha crecente concentración espacial derivada das economías de aglomeración do século XXI.

O despoboamento dos pequenos municipios españois é algo sabido, pese a que houbo un aumento de xente durante a primeira década do século XXI grazas á inmigración estranxeira. Porén, a Gran Recesión acabou con esta tendencia, e a posterior recuperación económica non reverteu o despoboamento xeral, aínda que certamente existen diferenzas rexionais e segundo tipo de municipio.

Conforme os datos, España experimentou un forte crecemento de poboación no século XXI, pero os municipios máis pequenos foron sufrindo unha considerable perda de habitantes a causa da emigración cara a áreas urbanas. Este fenómeno, coñecido como «éxodo rural», provocou o avellentamento e a masculinización da poboación dos devanditos lugares.

Centrado en todo isto, este estudo tamén examina o impacto da pandemia da COVID-19 nos municipios pequenos, e mostra que, aínda que algúns comezaron a crecer novamente, a tendencia xeral cara ao despoboamento persiste, especialmente en certas rexións. A pandemia alterou os padróns demográficos, cun aumento da mortalidade, unha diminución dos nacementos e cambios nos fluxos migratorios, particularmente cunha maior emigración desde as grandes urbes ás poboacións menores.

O despoboamento é un fenómeno demográfico e espacial que pode ser explicado por factores económicos e que habitualmente require políticas específicas para contrarrestalo. Os cambios no modelo económico, como o paso dunha sociedade agraria a unha economía industrial e de servizos, foron unha causa importante do despoboamento no campo.

Nos municipios rurais con crecemento natural negativo, o aumento de poboación só pode provir do crecemento migratorio positivo. A aparición de inmigrantes estranxeiros foi a fonte principal de recuperación da poboación en pequenos municipios tanto nos Estados Unidos coma en

Europa. Non obstante, a maioría dos pequenos concellos en España experimentaron un crecemento migratorio negativo; saíron máis persoas das que chegaron, especialmente en municipios cuxa poboación, ademais, está a envellecer. Pola contra, as grandes áreas urbanas atraeron mozos altamente educados.

Outro factor relevante é o uso temporal destes pequenos municipios por unha poboación flotante que vive neles parte do ano, principalmente en vacacións ou fins de semana. Este fenómeno axudou a previr o abandono total destes pequenos concellos, aínda que a poboación permanente siga a diminuír.

A análise de poboación segundo o tamaño do municipio amosa que en España pasouse de 41,1 millóns no 2001 a 47,3 millóns no 2021, impulsado este crecemento, en gran parte, grazas á inmigración. Porén, os municipios pequenos non seguiron exactamente o mesmo padrón, pois moitos continuaron decrecendo en habitantes, particularmente durante a crise económica.

O estudo clasifica máis de 5000 pequenos municipios en nove categorías segundo o seu crecemento poboacional ao longo do século XXI e identifica tendencias variadas. Algúns perderon poboación de xeito continuado, mentres que outros mostran estabilidade ou crecemento. As diferenzas xeográficas son significativas: o despoboamento é máis acentuado no norte e menos en áreas máis densamente poboadas como o val do Ebro, as costas mediterránea e atlántica, os arquipélagos e Andalucía.

A investigación conclúe con que o despoboamento en pequenos municipios españois mostra signos de polarización espacial crecente e que está influenciado principalmente polo tamaño da poboación e a localización xeográfica. As interaccións con localidades medianas e grandes, así como a dependencia do turismo, son factores clave que poden influír na capacidade de manter ou aumentar a poboación.

A MOCIDADE NA ENCRUCILLADA: DEMOGRAFÍA POLÍTICA, PRECARIIDADE E RETOS DO FUTURO

José Ignacio Conde Ruiz y Carlota Conde Gasca, *La juventud atracada: Cómo un electorado envejecido cercena el futuro de los jóvenes*. Ediciones Península, Barcelona, 2023.

Por **Ariane Aumaitre**.

Este libro ofrece unha análise profunda e crítica sobre a situación actual da mocidade en España, desde a influencia da demografía no gasto público e as eleccións, até os efectos concretos no mercado laboral e a vivenda.

O peso da demografía na política e no gasto público

Os primeiros capítulos están dedicados a entender o peso da demografía política no gasto público e o seu financiamento, e como a situación actual pon en risco o pacto interxeracional. A tese central desta obra, *La juventud atracada*, parte da crecente irrelevancia demográfica e, polo tanto, política, da mocidade. A premisa fundamental é que o avellentamento poboacional debilitou a voz política dos mozos e limitou a súa capacidade para imporen a súa axenda en eleccións cruciais.

Desde os inicios do período democrático até a actualidade produciuse un cambio significativo na composición demográfica de España; os habitantes menores de trinta anos pasaron de representar un 50 % a apenas o 30 % da poboación total. Esta mudanza compléméntase, ademais, con que un de cada catro votantes na actualidade supera os sesenta e cinco anos, en comparación con un de cada seis na década dos oitenta.

A análise identifica dous problemas principais que lles afectan á participación e á influencia política da mocidade. En primeiro lugar, a axenda política xuvenil preséntase como máis variada e dispersa, o que complica que conecten. En contraste, os votantes de maior idade son máis accesibles, tanto a nivel mediático (infórmanse a través de medios tradicionais, como a televisión ou a radio) coma en termos de preferencias (centradas en temas como pensións ou o nivel de impostos). O segundo problema radica no curttopracismo, caracterizado pola falta de enfoque a longo prazo na toma de decisións políticas. De acordo cos autores, isto reflectiríase no acordo, común a todos os partidos políticos, á hora de aprobaren reformas que impliquen subir o gasto público en pensións, así como mellorar o nivel de vida dos pensionistas, incluso os que perciben pensións máis altas.

O peso da demografía política foi clave en varias das últimas eleccións nos países do noso ámbito, algo que o libro ilustra con varios exemplos. Por exemplo, un caso no que a demografía política xogou contra os mozos foi o referendo do *Brexit* no 2016. Un 70 % dos mozos de entre dezaioito e vinte e catro anos votou a favor do *remain*, é dicir, de ficar na Unión Europea, mentres que un 60 % da poboación de máis idade votou a favor. Se ben os datos confirman que a participación dos mozos no referendo foi menor, a demografía política seríalles desfavorable en calquera caso: aínda que a porcentaxe de participación fose a mesma, sinxelamente polo tamaño dos grupos de idade o resultado non cambiaría. O caso oposto, cando a demografía política non penaliza os novos, pode ato-

parse nas últimas eleccións estadounidenses, país no que ese segmento ten un peso demográfico significativo. Alí, un 61 % dos mozos votou a favor de Biden, tendo en conta ademais que ese segmento de poboación aumentou a súa participación nun 11 % respecto ao 2016. Estes casos subliñan a importancia crucial da demografía política e como pode ser un factor determinante na capacidade dos mozos para influíren e cambiaren o curso político.

O monstro das pensións

Talvez a maior representación das consecuencias da demografía política en España sexa o gasto en pensións, así como as reformas realizadas nos últimos anos. O segundo e terceiro capítulos do libro revelan unha realidade contundente: o gasto desmesurado en pensións deixou pouca marxe fiscal para investimentos en áreas indispensables para a mocidade. Tendo en conta o avellentamento da poboación, a ameaza dunha marxe máis reducida no futuro é máis ca plausible.

As pensións absorben máis do 60 % do gasto social do noso país, e iso xera un amplo apoio na opinión pública por dous motivos fundamentais: a maioría da sociedade está directa ou indirectamente vinculada ás pensións, ben porque as percibe, ben porque se anticipa a elas, e os xubilados conforman un grupo numeroso e homoxéneo demográfica e politicamente.

Ante esta realidade política, a visión curtopracista previamente mencionada obstaculiza a adaptación do sistema de pensións á crecente lonxevidade. Como consecuencia, as pensións non só absorben unha porcentaxe cada vez maior dos recursos do orzamento público, senón que tamén comprometen o futuro da mocidade. A comparación visual entre o gasto en pensións e educación revela unha tendencia preocupante: mentres o gasto en pensións crece, o outro diminúe, o que comporta un deterioro evidente na xustiza interxeracional.

As pensións, ademais, convértense cada día nun monstro cada vez menos sustentable. O avellentamento progresivo da poboación pode levar a que, no 2050, haxa só un traballador e medio por cada pensionista, en contraste cos tres actuais. Este escenario presenta dúbidas sobre a viabilidade dun pacto interxeracional real, xa que, para manter as pensións, estas deben ser financeiramente sustentables.

De acordo cos autores, as reformas de pensións en España nos últimos anos, lonxe de abordar eficazmente o problema, exacerbaron a situación. No 2021, a derogación do factor de sustentabilidade foi substituída por unha suba de cotizacións, mal denominada «mecanismo de equidade interxeracional». De novo, cargábanse os custos na mocidade sen unha revisión axeitada da realidade. Na mesma liña, a reforma do 2023 marca un fito ao ser a primeira reforma da democracia que dá como resultado un aumento de gasto profundamente insolidario. Aumentar os impostos para asegurar as pensións sen considerar o aumento da lonxevidade deixa escasos recursos para programas que poidan chegar a beneficiar a mocidade.

No medio deste debate, o curtopracismo e a demografía emerxen novamente como factores determinantes. Neste sentido, tras a drástica suba da inflación no verán do 2022, e nun contexto de moderación salarial para os traballadores, as pensións aumentaron ao mesmo ritmo ca os prezos sen ningún tipo de debate público ao respecto nin crítica por parte da oposición. Esta situación reflectiría a preocupación electoral dos políticos, que evitarían tocar calquera partida que lles afecte aos maiores, o que subliña a influencia ineludible que estes teñen nas eleccións.

O financiamento do Estado do benestar e os compromisos para o futuro

A outra cara da moeda do gasto en pensións sería a do financiamento de tales partidas, tema no que se centra o cuarto capítulo. O punto de partida é a preocupación sobre a carga financeira que se lles está trasladando ás xeracións máis novas. Neste sentido, o libro destaca os problemas ligados á emisión de débeda pública como principal método de financiamento para os gastos, pois isto crea unha carga financeira que, en lugar de ser abordada no presente, adíase cara ao futuro. Unha estratexia que implica que as xeracións actuais non asuman a responsabilidade fiscal das súas demandas ao Estado, senón que, efectivamente, lles transfiren as súas «facturas impagas» aos máis novos.

A devandita transferencia de carga financeira vese exacerbada polo feito de que moitos dos actuais beneficiarios dos servizos do Estado, en particular os maiores, amósanse remisos a pagar os impostos cos que se financian os gastos que eles mesmos requiren. Como resultado, o déficit que se produce explícase non só por un gasto público excesivo, senón tamén por unha resistencia a aumentar a recadación fiscal de xeito que se aliñe co gasto. Neste sentido, o libro destaca que en España páganse menos impostos ca a media da Unión Europea. Isto relaciónase coas preferencias dos votantes de maior idade, que tenden a resistirse a incrementos fiscais que poderían financiar axeitadamente os servizos e beneficios que demandan do Estado; pero, á súa vez, esta situación crea graves desafíos para o futuro do pacto interxeracional e a sustentabilidade fiscal do Estado do benestar.

Ao analizar os datos do gasto público en relación co PIB, obsérvase que o gasto aumentou 0,7 puntos porcentuais, pasando do 41,44 % ao 42,1 %, entre o 2008 e o 2019. Non obstante, se se examinan as partidas específicas, emerxen tendencias alarmantes con respecto ao pacto interxeracional. Rexístrase unha diminución na porcentaxe de gasto asignada a áreas cruciais para a mocidade, como a protección do medio ambiente, a vivenda ou a educación; pola contra, incrementase significativamente o orzamento en protección social, algo que se centra especialmente en áreas de maior idade. Por exemplo, o incremento destinouse principalmente a cubrir gastos relacionados coa enfermidade, incapacidade, idade avanzada (pensións) e superviventes (pensións de viuvez). En contraste, as partidas que beneficiarían máis os novos, tales como aquelas destinadas á familia e fillos, a vivenda, o desemprego ou a exclusión e protección social caeron ou apenas experimentaron aumentos. É importante destacar que, a día de hoxe, case o 50 % do gasto público destínase a programas para os maiores, o que representa un 82 % do gasto social xeral.

A situación actual dos novos: a mocidade atracada

Fronte a unha demografía política que favorece as persoas maiores e parece deixar de lado a mocidade, esta enfróntase ás consecuencias dun pacto interxeracional que non prioriza as súas necesidades. A situación no mercado laboral, a renda ou o acceso á vivenda son os maiores problemas e retos aos que se enfronta a xuventude na actualidade.

O mercado laboral e a renda da mocidade

A precariedade laboral segue a ser unha realidade para a mocidade española, que limita as súas oportunidades e a súa capacidade para avanzar e establecerse economicamente. A situación actual do mercado laboral en España presenta desafíos significativos, e habitualmente vense atrapados nunha espiral de contratos temporais ou precarios. Esta precariedade impídelles acceder á estabilidade necesaria para lograren fitos importantes coma a adquisición de vivenda, a emancipación ou a formación dunha familia.

O emprego no noso país caracterizouse durante moitos anos pola súa natureza temporal e precaria, o que é particularmente problemático para a poboación moza. E malia a reforma laboral do 2021, que mellorou as situacións de temporalidade, non se logrou erradicar a inestabilidade laboral. Un dato revelador neste sentido é que a seguridade social rexistra anualmente vinte e cinco millóns de altas e vinte e cinco millóns de baixas para unha forza laboral de vinte millóns, o que evidencia unha alta rotación no emprego.

Esta situación suxire que os novos se converteron en traballadores máis pobres, con salarios máis baixos e maior inseguridade laboral, especialmente tras as últimas crises económicas. Incluso en períodos de recuperación económica non se restauraron completamente as condicións laborais previas. No 2008 os traballadores de entre dezaseis e corenta e catro anos tiñan unha renda media anual de entre 10.300 e 11.000 euros. Non obstante, despois da crise do 2009, os salarios para aqueles entre dezaioito e vinte e nove anos caeron case un 15 % máis ca noutros grupos de idade. Aínda que as rendas se foron recuperando lixeiramente, actualmente os mozos encóntranse con salarios medios similares aínda aos do 2008. Paralelamente, os maiores de sesenta e cinco anos pasaron a ser o grupo poboacional con maior renda anual media.

Fronte a estes retos, a reforma laboral do 2021 foi a primeira da historia da democracia que limitou drasticamente o uso da contratación temporal. De acordo cos autores, avanza na boa dirección en termos de temporalidade, algo visible nos datos, pero o seu impacto na redución da precariedade resulta menos claro. Así, a rotación laboral non diminuíu ao mesmo ritmo ca a temporalidade, e a cantidade de contratos que acaban cada día ou mes non variou tampouco, senón que segue a crecer de forma desproporcionada. Ademais, os mozos seguen estando sobrerrepresentados nos postos máis precarios, como os fixos discontinuos, os contratos a tempo parcial (que aumentaron) ou aqueles que son despedidos ao finalizar un período de proba.

A vivenda: un atranco crecente

Á precariedade laboral e á perda de renda relativa, os mozos deben sumar un mercado da vivenda cada vez menos accesible para eles, como evidencia o capítulo seis do libro. A día de hoxe, de acordo cos autores, a oferta pública de vivenda en alugueiro é practicamente inexistente, e non hai unha política pública robusta que se centre nela.

Un factor crucial é a disparidade entre o incremento dos salarios medios e o prezo das vivendas, tanto en réxime de compra coma de alugueiro. Como acabamos de sinalar, os soldos das persoas menores de trinta e cinco anos son os que menos aumentaron nos últimos anos, o que agrava aínda máis a situación. Esta falta de incremento salarial, combinada coa ausencia de políticas efectivas de vivenda, provoca que os mozos dificilmente poidan emanciparse. O esforzo económico que supón comprar ou alugar unha vivenda é significativamente maior para os mozos de hoxe que para os das décadas dos oitenta e noventa. A nivel nacional, os prezos do alugueiro experimentaron un aumento de cerca do 50 %. E, daqueles que si logran acceder a unha vivenda, aproximadamente o 40 % destina máis do 30 % dos seus ingresos ao pagamento do alugueiro, o que indica un esforzo económico considerable.

Como resultado, en España, o 65 % dos mozos de entre dezaioito e trinta e catro anos vive cos pais, en contraste co 48 % da media europea, e a media para abandonar o fogar é aos vinte e nove anos, fronte aos vinte e seis en Europa. Esa diferenza é básica para a definición dun proxecto vital, xa que o atraso na emancipación tamén implica un adiamento en decisións importantes como ter fillos ou formar unha familia. Neste sentido, aproximadamente a metade das mulleres de corenta e cinco anos declara que tiveron o

seu primeiro fillo máis tarde do que desexaban, o que reflicte unha tendencia preocupante, especialmente nun contexto onde España ten unha das taxas de fecundidade máis baixas do mundo, con 1,19 nenos por muller en idade fértil, cifra por debaixo da media de fillos desexados.

En resumo, a situación da vivenda en España representa un desafío significativo para os mozos, pois non só limita a súa capacidade para vivir de maneira independente, senón que tamén lles afecta a decisións vitais e perpetúa ciclos de dependencia e inestabilidade económica.

Retos de futuro no mundo do cambio climático e as transformacións tecnolóxicas

Resulta esencial, nun libro sobre a mocidade, ir alén dos erros do pasado ou dos problemas do presente e dedicarlles unha ollada aos retos do futuro. Os autores céntranse en dous destes retos: a revolución dixital e o cambio climático, como clave na axenda política dos mozos para iren cara a un futuro máis sustentable e equilibrado xeracionalmente.

Os mozos de hoxe están experimentando o cambio tecnolóxico máis intenso coñecido en toda a historia. Este cambio ocorre nun contexto xa desafiante, marcado polo avellentamento da poboación e a crise económica, e nel os autores identifican tres retos principais que traerá a revolución dixital.

- En primeiro lugar, as novas formas de emprego. As plataformas dixitais xeraron novas oportunidades laborais, pero tamén formas de emprego máis precarias. Moitos mozos vense obrigados a traballar como autónomos, e asumen así todo o risco sen as garantías laborais tradicionais. Ademais, a tecnoloxía podería desprazar un número maior de traballadores en comparación con revolucións industriais anteriores.
- En segundo lugar, a necesidade de adaptar a educación aos avances da tecnoloxía. A educación xoga un rol vital en preparar os mozos para un mercado laboral en constante cambio, e a necesidade de adaptarse e aprender novas habilidades complementarias ás tecnoloxías emerxentes é maior ca nunca. Neste contexto, unha formación axeitada é imprescindible para evitar unha crecente desigualdade tecnolóxica.
- O último reto sería a concentración económica en grandes cidades, pois estase conformando un fenómeno de aglomeración. Isto, combinado coa precariedade laboral e o cada vez máis difícil acceso á vivenda, dificulta a independencia económica da mocidade e a realización de proxectos de vida persoais.

O cambio climático representa quizais o maior reto para as futuras xeracións. Actualmente, os efectos daniños do quecemento global estanse transferindo, *de facto*, ás xeracións futuras. Non obstante, este problema non pode resolverse sen unha visión a longo prazo, xa que os esforzos políticos actuais tardarán décadas en manifestar efectos medibles na temperatura global. E, ademais, é indispensable unha coordinación internacional e global.

A loita contra este fenómeno ten un compoñente xeracional moi marcado, con temas candentes como o dereito de contaminar. Que xeración ten o dereito de contaminar? As actuais ou as futuras?; o sacrificio do crecemento e consumo actual. Canto está disposta a sociedade actual a sacrificar, en termos de crecemento e consumo, para asegurar unha mellor calidade medioambiental para o futuro?; ou os desafíos políticos: Está a xeración actual disposta a aceptar un menor crecemento ou o uso de enerxías máis custosas a cambio de legar un planeta mellor?

En conclusión, a mocidade de hoxe afronta retos sen precedentes na historia, tanto no ámbito tecnolóxico coma no medioambiental. A súa capacidade para adaptarse, innovar

e participar activamente na solución destes problemas será determinante para o futuro do planeta e da sociedade.

Receitas de futuro: Propostas para que a mocidade teña voz

O libro remata cunha serie de receitas de futuro, desde os ámbitos político e fiscal, que teñen como obxectivo equilibrar a balanza a favor da mocidade. Son propostas que buscan garantir que os intereses e o benestar das xeracións máis novas sexan considerados e protexidos.

No ámbito político, os autores fálannos do voto obrigatorio, a redución da idade de votar ou a creación de institucións que protexan a mocidade. O voto obrigatorio podería ser unha medida efectiva para aumentar a participación e o peso político da mocidade, e aseguraría unha representación máis ampla e equitativa de todas as idades no proceso electoral. Por outra parte, unha redución da idade electoral aos dezaseis anos permitiríalle á mocidade ter unha voz en decisións políticas que afectarán directamente ao seu futuro, e incentivarán ademais o seu interese e participación en asuntos políticos desde unha idade temperá. Por último, os autores tamén propoñen establecer organismos que garantan que as súas necesidades e preocupacións se tomen en conta na formulación de políticas públicas.

No que se refire ás regras fiscais, destacan tres propostas: déficit estrutural cero, unha norma fiscal interxeracional e un uso axeitado dos fondos Next Generation. O déficit estrutural cero consistiría en eliminar ou prohibir o devandito déficit cando a economía se encontre a pleno rendemento ou na súa produción potencial; isto evitaría a acumulación de débeda que terían que pagar as xeracións futuras. Os autores tamén propoñen unha nova regra na que, por cada euro adicional que se gaste nos maiores, debería destinarse outro euro adicional para os mozos. Esta norma fiscal busca equilibrar o gasto entre xeracións e asegura que os mozos reciban un investimento xusto e proporcional. Por último, os fondos Next Generation deberían centrarse nas próximas xeracións; isto é, en investir no seu futuro e benestar.

* * *

José Ignacio Conde Ruiz é doutor en Economía pola Universidad Carlos III de Madrid, catedrático de Fundamentos da Análise Económica na Universidad Complutense de Madrid e subdirector da Fundación de Estudios de Economía Aplicada (FEDEA). A proposta do Ministerio de Trabajo y de la Seguridad Social formou parte do Comité de Expertos encargado de desenvolver o Factor de Sustentabilidade das pensións no ano 2013. **Carlotta Conde Gasca** é estudante de primeiro de Ciencias Físicas na Universidad Autónoma de Madrid.

Recensión de **Ariane Aumaitre**, consultora de Política Pública e investigadora de doutoramento no Instituto Universitario Europeo.